



RESOLUCIÓN REITORAL DE 4 DE OUTUBRO DE 2022 MEDIANTE A QUE SE REGULA A MATRÍCULA DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA ADMITIDO NO 3º PRAZO DE PREINSCRICIÓN DOS MESTRADOS QUE NON ESTEA EN POSESIÓN DUN TÍTULO UNIVERSITARIO

O procedemento extraordinario de preinscrición nos mestrados universitarios para alumnos que non estean en posesión dun título universitario, que foi aprobado en Consello de Goberno de 23 de marzo de 2015, establece que os alumnos matriculados en ensinanzas oficiais de Grao na UDC que reúnan os requisitos establecidos no artigo 19 das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario, é dicir: “non ter pendentes máis que a superación de 12 créditos correspondentes a materias das que xa estivesen matriculados nalgún ano académico ou 18 créditos correspondentes a prácticas, ademais do TFG para rematar os seus estudos”, poderán preinscribirse en titulacións de Mestrado Universitario no derradeiro prazo que se habilite no calendario de preinscrición e matrícula nos mestrados universitarios e só se aceptará a súa preinscrición con ocasión de prazas vacantes no último prazo de matrícula.

Este procedemento dispón que o alumnado non poderá formalizar a súa matrícula na titulación de mestrado ate que reúna os requisitos de acceso previstos no artigo 16 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e no apartado terceiro autoriza a adiar a matrícula ata o inicio do prazo de avaliación de materias do primeiro cuatrimestre.

O adianto do prazo de solicitude de bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional para este curso académico 2022/2023 reduce o prazo para tramitar as solicitudes de bolsa, sendo imprescindible que este alumnado estea matriculado na titulación de máster en que foi admitido para darlle trámite a estas solicitudes.

Neste senso, o RD 822/2021, do 28 de setembro, polo que se regula a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade, no punto 4 do artigo 18 dispón que as universidades poderán excepcionalmente establecer, a partir de normativas específicas aprobadas polos seus órganos de Goberno, procedementos de matrícula condicionada ao acceso a un Máster Universitario.

Código Seguro De Verificación	v3aep4cVa6HqY05kRPJk0g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	04/10/2022 12:53:53
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/v3aep4cVa6HqY05kRPJk0g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Polo exposto, e mentres non se regule un procedemento adaptado ao novo RD 822/2021, antes mencionado,

RESOLVO:

1. Excepcionalmente autorízase ao alumnado que foi admitido no terceiro prazo de preinscrición nun máster polo procedemento extraordinario de preinscrición, aprobado en Consello de Goberno de 23 de marzo de 2015, a realizar a matrícula do 11 ao 16 de outubro de 2022.
2. A/o alumna/o deberá presentar unha declaración responsable de estar en condicións de finalización dos seus estudos de grao antes do inicio do prazo para avaliación de materias do primeiro cuatrimestre que comeza o 9 de xaneiro de 2023.
3. A/o decana/o ou director/a enviará proposta de anulación da matrícula ao reitor do alumnado que non obteña o título de grao que lle da acceso ao mestrado no prazo mencionado no punto anterior.

A Coruña,

O reitor

P.D. (RR do 14/01/2020)

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación		Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	04/10/2022 12:53:53
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/v3aep4cVa6HqY05kRPJk0g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

